

LIMIAR

Todos os procesos históricos seguidos polas diferentes linguas existentes no mundo poñen en evidencia a súa dependencia das condicións sociais e políticas en que se desenvolven. A evolución dos usos e funcións dun determinado idioma e o status social que atinxir nun momento concreto da súa historia sempre van estar en correlación coas circunstancias que o rodean. No caso da lingua galega, tivo un longo período de normalidade na época medieval cando a Galiza constituíu un reino propio; e iniciou o camiño da decadencia cando este ficou baixo o dominio da coroa de Castela. O brillante pasado do galego na época medieval contrasta, así, coa súa subordinación e perda de prestixio nos séculos posteriores e coas luces e sombras da súa última etapa. Na actualidade a lingua galega está nunha encrucillada, con puntos fortes e puntos fracos para unhas ou outras se imporen; de cales consigan vencer vai depender, claro está, o futuro deste idioma, sempre en función do contexto peninsular e europeo en que está inserido. A día de hoxe non ten garantido o seu porvir como idioma da Galiza, aínda que si o teña como lingua internacional a través das súas variantes, nomeadamente a portuguesa e a brasileira. Os perigos que ameazan o galego no propio territorio son dous basicamente: a acelerada perda de falantes nos últimos tempos e a progresiva descomposición das súas estruturas internas. O primeiro ten difícil solución e precisa da decidida intervención política. Canto ao segundo, no ámbito da escrita é totalmente posíbel deter e mesmo rectificar ese proceso de castelanización, e xa se leva avanzado moito na boa dirección, mais na oralidade o avance preséntase ben máis complexo e difícil.

Como elementos positivos, o galego posúe aínda unha ampla masa de falantes nunha comunidade con alto dominio das destrezas básicas, goza de prestixio en ámbitos vin-

culados á cultura e suscita a adhesión afectiva dunha parte importante da poboación; posúe tamén unha destacada nómina de escritores e escritoras, con textos literarios de grande calidade, e existe, aliás, un relevante movemento social e político comprometido na súa defensa, que coa firme reivindicación da normalización lingüística leva conseguido nos primordios do actual século algunhas metas esperanzadoras, como foron a aprobación por unanimidade no Parlamento galego en 2004 dun plano xeral de normalización ou o decreto de 2007 que fixaba un mínimo de 50% de docencia en lingua galega en todos os niveis do ensino preuniversitario. Mais a partir da mudanza de goberno na Galiza en 2009, iníciase unha nova noite de pedra para o galego, que se mantén dez anos despois, con medidas de recuamento no proceso de normalización emprendido anteriormente e con desprotección legal do idioma propio.

Para alén dos problemas derivados dun contexto político adverso, o galego presenta ao mesmo tempo outros aspectos preocupantes a respecto do seu futuro: é cada vez menos falado pola xente nova, a se romper así a transmisión interxeracional; acha dificultades para penetrar en ámbitos sociais de especial relevancia (mundo da empresa, deporte, ocio, Igrexa etc.); faltan medios de comunicación que aposten no seu uso; o marco legal é aínda discriminatorio (obriga legal de coñecer o español, mais non o galego); a Galiza vive de costas a Portugal e ao mundo de expresión galego-portuguesa, a pesar de nos últimos anos se ter aprobado unha Lei para o aproveitamento do portugués e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz-Andrade; e, sobre todo, vén detentando o Goberno galego nos últimos mandatos unha forza política que no seu programa electoral se comprometera con medidas regresivas con relación á normalización lingüística e que na súa actuación diaria mostra clara vontade, nisto si, de as levar á

práctica con eficacia probada, do que é boa mostra a prohibición de impartir docencia en galego no ámbito científico-tecnolóxico.

Sobre a lingua galega vaise reflectir nas páxinas que veñen a seguir, mais sempre na perspectiva de procurar a vía adecuada para lle garantir un futuro digno como lingua nacional da Galiza ou como lingua propia desta comunidade segundo o actual marco legal. A respecto de todas estas cuestións relativas á normalización e planificación do galego e a outros aspectos da súa vinculación coa sociedade, o autor destas liñas ten realizado diferentes traballos de investigación e tarefas docentes que agora, dalgunha maneira, aproveita, unhas veces de forma moito parcial e outras de modo máis amplo, mais sempre na procura dun texto unitario e cohesionado que recolla de maneira coherente o seu pensamento sobre a relación da lingua galega coa sociedade que a xerou, que a utilizou e que aínda fai uso dela, e tamén co propósito de que no futuro o continúe a facer. Máis do que un libro de sociolingüística galega, trátase duns apuntamentos sobre diversos aspectos da realidade social do galego feitos por unha persoa que se dedica a estudar o idioma nas súas diferentes vertentes, mais que non se inclúe especificamente na nómina de sociolingüistas existentes na Galiza. Con todo, a sociolingüística está tamén presente no libro porque moitas das persoas especialistas nesta materia, galegas e foráneas, foron convocadas a exporen e confrontaren, por medio dos seus textos, as ideas que lles son propias, na procura dunha visión plural da realidade social do galego, dos seus problemas e das súas perspectivas de futuro. Pretende ser, pois, esta unha obra polifónica, onde o autor, sen ocultar en ningún momento o seu posicionamento sobre diferentes temas que afectan a lingua e a sociedade galega, ofrece outros puntos de vista que veñen enriquecer o debate e a busca de solucións para unha lingua necesitada de reorientar o seu futuro.

Como máis outra mostra da aposta na pluralidade e na diversidade, en consonancia coa defensa do ecolingüismo e do sesquilingüismo que se fai no conxunto do libro, respéctanse as linguas orixinais en que foron escritas as citações textuais que van aparecendo ao longo da obra, sexa esta o galego, o portugués, o inglés, o catalán, o francés ou o español. Deste modo, preténdese facer tamén unha demostración práctica da viabilidade dunha comunicación plurilingüe en que a singularidade de cada lingua é respectada e a lectora ou lector acha unha oportunidade para a mellora do seu repertorio lingüístico e, en definitivo, para o seu enriquecemento persoal. De todos os xeitos, tamén se practica certa discriminación positiva para a lingua en situación de minorización cando se dá o caso de unha obra escrita noutro idioma ter sido traducida para o galego; o uso desta versión tórnase unha forma de dar a coñecer e apoiar o esforzo da empresa editora e da persoa responsable pola tradución.

Este libro foi concibido e disposto na perspectiva de saír do prelo arredor do ano 2020, que finalmente, e non foi sen tempo, a Real Academia Galega dedicou a Ricardo Carvalho Calero. Aproveitando tal circunstancia, tamén pretende ser un pequeno contributo de homenaxe a quen dedicou tanto tempo e esforzo a nos explicar o pasado e o presente da lingua galega, e a proxectar un futuro digno para ela. Moitas das ideas aquí expostas son próximas ou coincidentes coas do ilustre e lembrado profesor; e na necesidade de construírmos un galego extenso e útil como garantía da súa sobrevivencia a coincidencia con el é plena. Como no pasado, e tamén no discurso actual sobre o galego, estivo sempre presente o portugués, e continúa a estalo cando se fala do seu porvir, estarao igualmente nestas páxinas, pois, alén de o autor acreditar na importancia que debe desempeñar na construción dun galego con futuro, existen alternativas e propostas que directamente

así o contemplan. Igual acontece no conxunto dos traballos sobre a lingua galega que Carvalho Calero nos deixou. A eles voltamos e deles continuamos a aprender. Como igualmente debemos voltar, ao falarmos de lingua e sociedade, aos traballos pioneiros do sociólogo da linguaxe e grande valedor das linguas minorizadas do Estado español, entre elas o galego, Rafael L. Ninyoles, cuxo pasamento veu coincidir co momento de pór o ramo a este volume. O seu maxisterio tamén inspirou algunhas destas páxinas, que por iso queren renderlle homenaxe.

Por último, agradezo profundamente a acollida e as atencións recibidas da editora Laiovento, que tan xenerosamente publicou os meus primeiros libros, cando me estaba a incorporar á investigación no ámbito universitario, e que agora volta a me abrir as súas portas para dar a coñecer ao público estoutro traballo que dalgunha maneira pon fin ao percurso da miña vida académica.

A Coruña, xaneiro de 2020

ÍNDICE

Limiar	7
1. Lingua, sociedade e planificación lingüística	13
1.1. Lingua e sociedade	13
1.2. A planificación lingüística	16
1.2.1. Orixe, definición e termos afíns	17
1.2.2. Tipos de planificación lingüística	24
1.2.3. Fases da planificación lingüística	27
1.3. Normalización e planificación da lingua galega	32
1.3.1. Os sentidos da normalización lingüística	32
1.3.2. Inicio e evolución da planificación lingüística do galego	36
1.3.3. A planificación do léxico galego	41
1.4. O proceso de elaboración da lingua galega	45
1.4.1. Elaboración evolutiva	46
1.4.2. Elaboración involutiva: a alternativa reintegracionista	51
1.5. O binormativismo como hipótese	56
1.5.1. Fundamentación da proposta	57
1.5.2. O noruegués como exemplo: comparación co galego	61
1.5.3. Binormativismo na Galiza: proles e contras.....	74
1.5.4. Valorización resumativa	84
2. Norma, usos e variación	87
2.1. A norma lingüística.....	89
2.1.1. Norma social e norma lingüística	90
2.1.2. Tipos de norma lingüística	96
2.1.3. Prestixio e simbolismo da norma	99
2.1.4. Orixe, consecuencias e vantaxes da norma	101

2.2. A normalización dos usos lingüísticos.....	110
2.2.1. O criterio de corrección lingüística	112
2.2.2. A linguaxe técnica e especializada	117
2.2.3. A normalización terminolóxica.....	125
2.3. A variación lingüística e a interferencia.....	132
2.3.1. Tipos de variación lingüística	133
2.3.2. A Galiza como mosaico de variedades lingüísticas	137
2.3.3. O galego oral e as súas modalidades	144
2.3.4. A interferencia castelanizadora no galego popular.....	152
2.3.5. Neofalantes, paleofalantes e castrapofalantes....	158
2.4. A relación entre lingua falada e lingua literaria	172
2.4.1. O galego escrito contemporáneo e a fala popular.....	173
2.4.2. Confronto entre galego popular e literario como base do conflito normativo	177
2.4.3. A fidelidade á fala popular na literatura e as necesidades da lingua	184
3. Discursos sobre a lingua na procura da normalización	193
3.1. Discursos optimistas e pesimistas na era da globalización	194
3.2. O discurso identitario	208
3.3. Bilingüismo e asimilación	213
3.4. Monolingüismo ou plurilingüismo	223
3.5. Sesquilingüismo vs. imperialismo lingüístico.....	230
3.6. Ecolingüismo e dereitos humanos lingüísticos	243
4. Conclusións	255
Referencias bibliográficas	263